

29 ABR. 2016

SECCIÓN DE CONTRATACIÓN

A. INTRODUCCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela quer desenvolver ao longo da lexislatura 2015-2019 unha política de participación cidadá que revise, actualice a amplíe a normativa, órganos e actuacións realizadas con anterioridade. Un dos proxectos fundamentais desta política é a elaboración dos Orzamentos Participativos [OP] para o exercicio 2017, cuxo proceso de definición desenvolverase integramente ao longo do presente ano 2016.

A.1. Democracia participativa

Os OP é un dos mecanismos gobernamentais de Democracia Participativa que permiten á veciñanza participar no deseño, implementación e avaliación das políticas municipais.

A Democracia Participativa fomenta a reflexión activa entre a poboación, partindo dos problemas comúns para identificar solucións compartidas, favorecendo a solidariedade e unha mellor transparencia e xestión municipal. A veciñanza e a cidadanía deciden a través de novos mecanismos de xestión municipal que facilitan a xeración dunha consciencia crítica e propositiva. Nas sociedades complexas a participación persegue formar cidadáns e cidadás, dotándoos/as de maior capacidade para transformar o medio no que viven e tomar parte na xestión dos órganos políticos, económicos e administrativos da súa comunidade. Na Democracia Participativa trasládase o poder de decisión dos órganos de goberno e das elites burocráticas cara á sociedade. Non se trata de actuar só en base a criterios técnicos ou ritmos administrativos senón de adecuarse ás necesidades e obxectivos da cidadanía en base ao diálogo permanente: gobernar obedecendo.

A.2. Orzamentos participativos

A través dos OP a cidadanía pode influenciar e decidir sobre os orzamentos municipais, orientando e reordenando os recursos e capacidades que ten o Concello. O produto final fundamental do proceso de OP é unha relación priorizada ou xerarquizada de decisións sobre políticas, actividades e investimentos.

B. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do prego presente é a contratación dunha asistencia técnica para a posta en marcha dun proceso de Orzamentos Participativos [OP], orientado á aprobación por parte da cidadanía compostelá dunha parte do orzamento municipal para o exercicio próximo por valor mínimo inicial de 1.100.000 euros, que poderá ser aumentado en función das dispoñibilidades orzamentarias.

O prezo de licitación da asistencia técnica se estipula en **59.945,72 € (IVE excluído)**.

C. DESCRIPCIÓN DOS SERVIZOS A REALIZAR

O proceso de OP guiarase por unha metodoloxía participativa que parte da proposta inicial descrita neste documento, pero en todo caso tratarase dun proceso autorregulado polos seus participantes, co único límite de non comprometer a viabilidade económica da asistencia técnica prestada pola adxudicataria do contrato.

O seguimento global da asistencia técnica realizarase por parte da Oficina Orzamentaria ou do servizo e persoas que designe a Concellaría de Economía e Facenda, así como das persoas responsables en que esta delegue para cada fase, actividade ou xestión.

A asistencia prevé que a empresa adxudicataria realice as seguintes actividades:

1. Prestar a asistencia técnica no proceso participativo conforme á metodoloxía descrita neste documento.
2. Participar nas reunións de coordinación.
3. Formar e informar a todos os axentes involucrados no proceso.
4. Informar sobre os aspectos básicos do orzamento municipal.
5. Crear os órganos propios do proceso e participar nas súas reunións.
6. Dinamizar a participación, o debate e a elaboración de propostas, tanto presencial como telematicamente.
7. Fornecer os servizos TIC necesarios para a participación online e a dinamización das asembleas.
8. Executar a comunicación social do proceso.
9. Participar nos encontros técnicos de organización e preparación de propostas.
10. Aplicar os criterios de priorización de propostas.
11. Presentación das propostas.
12. Informe final do proceso.

C.1. Principios

- a) Participación: promoción da participación cidadá no deseño e seguimento do proceso dos OP.
- b) Transparencia e igualdade no acceso á información: deseño dunhas canles de comunicación e de información e dunhas estratexias de difusión e de publicidade que sexan accesibles, adaptadas á realidade social e á dispoñibilidade de recursos materiais e temporais da cidadanía.

- c) Recoñecemento da diversidade social: atención á pluralidade de intereses e necesidades das veciñas e veciños, e fomento da participación cidadá dos diferentes colectivos e grupos sociais, especialmente da mocidade, das persoas estranxeiras residentes e das persoas en risco de exclusión socioeconómica.
- d) Perspectiva de xénero: fomento da participación das mulleres, prestando especial atención as súas necesidades prácticas e aos seus intereses estratéxicos, e promoción do principio de transversalidade de xénero no deseño e seguimento do proceso de OP.
- e) Tolerancia: recoñecemento e respecto da diversidade de opinións e visións, como elemento chave para a construción de consenso a través do diálogo.
- f) Eficacia e eficiencia: optimización dos recursos dispoñibles e consecución de obxectivos.
- g) Corresponsabilidade: entre axentes públicos, privados e sociais na identificación de potencialidades e na solución dos problemas.
- h) Solidariedade: disposición para asumir os problemas das outras persoas como propios, construíndo un proxecto común en beneficio do conxunto da cidadanía.
- i) Respecto aos acordos: a participación cidadá fundaméntase no compromiso de levar adiante, por parte de todas as persoas implicadas, as decisións acordadas.

C.2. Antecedentes e documentación

Tomarase como base para o proceso de OP a documentación seguinte:

- a) Web do proxecto piloto de OP da mocidade do ano 2015
<http://www.santiagodecompostela.org/orzamentosparticipativos/>
- b) Regulamento de participación cidadá
[http://www.santiagodecompostela.org/e_santiago/biblioteca.php?idn=/.1. Ordenanzas Xerais/Relacions vecinais](http://www.santiagodecompostela.org/e_santiago/biblioteca.php?idn=/.1.OrdenanzasXerais/Relacionsvecinais)
- c) Regulamento de réxime interno do Consello de Relacións Veciñais
[http://www.santiagodecompostela.org/medi/tramites/Normativa Municipal/1. Ordenanzas Xerais/Relacions vecinais/Rexime interno do consello de relaciones vecinais.pdf](http://www.santiagodecompostela.org/medi/tramites/NormativaMunicipal/1.OrdenanzasXerais/Relacionsvecinais/Reximeinternoconsellode_relacionsvecinais.pdf)
- d) Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa e informe explicativo “A participación da cidadanía na vida pública local”, en particular os Anexos II.C e II.D
http://www.seap.minhap.es/dms/es/web/areas/politica_local/participacion-eell-aeuropeos/recomendacion.pdf

D. CONTIDO DA PROPOSTA TÉCNICA

Ademais da documentación técnica acreditativa da experiencia da ofertante e do seu equipo técnico e da oferta económica, a proposta técnica presentada para o proceso de OP debe contemplar, como mínimo:

1. Regulamento dos OP.
2. Plano de participación.
3. Especificacións técnicas e funcionalidades da plataforma web e das ferramentas TIC a empregar.
4. Plano de comunicación.
5. Calendario e cronograma base.

D.1. Regulamento dos OP

A adjudicataria elaborará unha proposta de Regulamento de OP que o Grupo Motor debaterá na súa sesión de constitución. Dita proposta deberá desenvolver os seguintes aspectos:

1. Estrutura territorial (assembleas territoriais): A participación conducirase en dous planos diferentes, por Distritos e no conxunto da Cidade ou concello.
 - a. Distritos. A participación conducirase por distritos conformados por un ou varios barrios (na zona urbana) e parroquias (na zona rural). Estes distritos constituirán o ámbito de actuación e decisión propio das Asembleas de Distrito, que deberán ter obrigatoriamente carácter presencial.

A adjudicataria deberá incluír na súa oferta unha proposta inicial sobre o alcance territorial e demográfico dos procesos presenciais de participación a desenvolver nesta edición dos OPs. O alcance dos procesos presenciais constituirá un dos elementos de valoración técnica da oferta presentada.

Dita proposta consistirá na achega de dúas cifras:

- i. Número estimativo de distritos onde se celebrarán Asembleas de Distrito.
- ii. Porcentaxe estimativa da poboación municipal abranguida polas Asembleas de Distrito, que deberá ser como mínimo dun terzo (33,3%).

Con posterioridade e no prazo máximo de 15 días desde a sinatura do contrato, a adjudicataria deberá concretar a súa proposta de alcance nunha delimitación territorial definitiva, que en ningún caso poderá supor unha redución no número de distritos ou no da poboación abranguida avanzados inicialmente na oferta.

- b. Cidade. O proceso de OP considerará a dimensión urbana ou municipal, a fin de que a cidadanía decida non só sobre o seu distrito senón tamén sobre o conxunto de

Compostela, coa fin de alimentar un proxecto de cidade que teña en conta a súa globalidade, diversidade e complexidade.

Consideraranse proxectos de alcance municipal ou que atinxen a toda a cidade aqueles que con independencia da súa localización producen beneficios substantivos a máis dun distrito ou á totalidade do termo municipal.

Para decidir neste ámbito constituiranse a Asemblea de Cidade, que pode ter carácter tanto presencial como telemático.

O feito de que uns distritos poidan acoller procesos de participación (diagnóstico, debate, proposición, votación) presenciais e outros non, non impedirá nin que a totalidade do censo poida participar, telematicamente, nin que os debates a dar nun ou noutro ámbito se realicen en clave de cidade.

A fin de salvagardar o interese dos distritos e o global ou municipal estableceranse para cada ámbito territorial cotas no orzamento sobre o que decidir. A adjudicataria propondrá as porcentaxes destinadas a uns e a outra, e no primeiro caso o criterio de distribución entre eles.

2. Estrutura sectorial ou temática: A adjudicataria propondrá igualmente a realización da asemblea sectorial ou temática seguinte:
 - a. Asemblea da Mocidade, ao obxecto de darlle continuidade ao proceso de OP encetado no ano 2015, que manterá o orzamento de 100.000 € para actividades de gasto corrente, e se desenvolverá a partir do Regulamento e os órganos aprobados na edición pasada. Isto non será obstáculo para que a mocidade participe igualmente nas Asembleas Territoriais (de Distrito e de Cidade) do proceso xeral.
3. Órganos dos OP:
 - a. Órganos de dinamización e seguimento:
 - i. Grupo Motor (GM): Constituído a partir dunha convocatoria pública e aberta emanada do Consello de Relacións Veciñais, cuxas persoas integrantes serán membros natos do GM. Encargarase de estruturar a participación de forma territorial e sectorial, sendo o responsable último da dinamización das entidades e da cidadanía para a súa implicación no proceso de OP. Debaterá e aprobará o Regulamento de Orzamentos Participativos, con base na proposta inicial incorporada pola adjudicataria na súa oferta.
 - ii. Comisión de Seguimento (CS): Composta por:
 1. Representantes veciñais: unha persoa por cada distrito.
 2. Representante da mocidade: unha persoa.

3. Partidos políticos: catro persoas, unha por cada partido político con representación no Pleno.
 4. Universidade: dúas persoas, procedentes preferentemente dos ámbitos da politoloxía e da economía.
 5. Técnicos: dous traballadores municipais designados polo Goberno Municipal.
- b. Órganos de participación social: Asembleas Participativas territoriais, que poden ser de Distrito e de Cidade, e a Asemblea Participativa sectorial ou temática da Mocidade. O seu funcionamento terá en conta os seguintes aspectos:
- i. A participación cidadá será a título individual e directa. Sen prexuízo do anterior as persoas integrantes e representantes de entidades e asociacións veciñais terán voz nas Asembleas Participativas e poderán realizar propostas de forma colectiva. Igualmente poderán exercer as demais funcións e potestades que as entidades teñen recoñecidas na normativa municipal de participación cidadá, de relacións veciñais e de representación sectorial.
 - ii. Poderán participar todas aquelas persoas de 16 ou máis anos (até 30 anos no caso da mocidade) que sexan veciñas do Concello de Santiago, é dicir, debidamente empadroadas nos momentos en que se requira a verificación de tal condición. Asemade poderán participar na Asemblea de cidade e nas Asembleas sectoriais ou temáticas aquelas persoas con vínculo laboral ou académico demostrable coa cidade, para o cal elaborárase e xestionárase un Censo de participantes que en todo caso incorporará de oficio o Padrón Municipal de Habitantes. A actualización do Censo será automática para o caso das persoas empadroadas, e revisable para as demais. Para estas últimas estableceranse durante o proceso cando menos dous momentos de confirmación da súa condición de participantes. A empresa adxudicataria será responsable do mantemento do Censo dos OP, e deberá propor mecanismos de alta e asignación territorial para casos excepcionais.
 - iii. A participación conducírase a través de asembleas participativas presenciais, que en todo caso terán prioridade formal e temporal alí onde se desenvolvan, pero tamén a través de procesos de formación, información, debate e votación por vía telemática. Asemade os eventos presenciais desenvolveranse co apoio de ferramentas TIC que as axilicen e dinamicen. Todo o proceso prestará especial atención ás persoas con mobilidade reducida ou con dificultades de acceso aos medios dixitais.

c. Xestión das propostas:

- i. Criterios de admisibilidade, filtraxe e valoración de propostas baseadas na acción positiva: As propostas presentadas pola cidadanía axustaranse aos principios de OP descritos neste documento, así como aos criterios adicionais que se fixen no Regulamento de OP definitivo. Para a súa cualificación e selección estableceranse cotas territoriais diferentes para a cidade e para os distritos, podendo establecerse ou non cotas temáticas. Na súa valoración igualmente poderán aplicarse primas a aquelas propostas que promovan a solidariedade interpersonal e o equilibrio territorial, así como a diversidade social, económica e ambiental.
- ii. Inclusión das demandas veciñais rexistradas no Concello con anterioridade ao inicio do proceso de OP: O procedemento de información, filtraxe, selección, preparación, presentación e valoración de propostas incorporará as demandas e proxectos preexistentes que sexan compatibles co Regulamento dos OP, a fin de darlle continuidade ás propostas recollidas por outras canles de participación cidadá, así como de aumentar o número e calidade das opcións entre as que debe decidir a cidadanía.
- iii. Oficina técnica: Composta por representantes de todas as áreas municipais será a encargada de validar o proceso e a diagnose realizada polas Asembleas Participativas, así como de analizar a viabilidade técnica e orzamentaria das propostas presentadas a través da súa participación directa ou das Mesas de propostas, e tamén a encargada de propor e elaborar os proxectos que sexan necesarios para levar adiante aquelas propostas que o precisen. Na súa creación promoverase unha composición paritaria.

D.2. Plano de participación

A adxudicataria ofertará un Plano de Participación que contemple as accións necesarias e os actores involucrados para o correcto desenvolvemento do proceso de OP.

O Plano de Participación proposto pola adxudicataria debe definir as accións de dinamización e os axentes destinatarios dos mesmos, propor as medidas e controis para o seguimento e eficacia do proceso, todo iso coa fin de garantir un correcto desenvolvemento dos OP que resulten en:

1. Un proceso gradual. A experiencia dos OP nas cidades galegas suxire a conveniencia de adoptar procesos que non se apliquen e estendan de golpe a todo o territorio. Sen desbotar esa posibilidade, o Plano de Participación debe realizar unha selección ou xerarquización dos diferentes distritos, con base tamén en criterios de xustiza socioeconómica, solidariedade interpersonal e reequilibrio territorial.

2. Un proceso sustentable e transferible. Débeselle dar continuidade aos fluxos de participación cidadá existentes, e en particular os abertos coa experiencia piloto de OP da Mocidade do ano 2015. Os OP non deben ser un proceso de participación intensiva que canse ás persoas involucradas, e debe ser o suficientemente flexible como para adaptarse aos distintos graos de dedicación temporal de cada persoa e a distintas modalidades de se involucrar, de aí a importancia da participación asíncrona por vía telemática. Vertebrarase esta iniciativa como unha experiencia adaptable, progresivamente mellorable, cuxo desenvolvemento sexa transferible no tempo (continuidade en edicións futuras) e no espazo (aplicables por outros concellos da área urbana), e cuxa experiencia sirva para, con idéntico esforzo, repetir o proceso de forma ampliada en futuros exercicios.
3. Un proceso compartido, vinculante e crible. Desde a proposta inicial de acometer o proceso de OP realizada ao Consello de Relacións Veciñais o pasado mes de febreiro de 2016, buscouse a complicitade de todos os axentes implicados nos planos técnico, político e cidadán, isto é: as diferentes áreas e niveis da administración municipal, as forzas políticas con representación no concello e as entidades sociais de todo tipo, deben sentir o proceso como propio. Favorecerase o seu compromiso estratéxico para darlle ao resultado do proceso un carácter vinculante, implicándoos tanto na xénese como na execución dos acordos del emanados. Esta decisión conferiralle credibilidade ao proceso diante da veciñanza, que verá nos OP unha ferramenta útil para autogobernarse e realizar as súas demandas.

En todo caso, o contido do Plano de Participación será compatible co contemplado no Regulamento, coas funcionalidades da plataforma web, co Plano de Comunicación e co calendario base proposto.

D.3. Especificacións técnicas e funcionalidades da plataforma web e das ferramentas TIC a empregar

1. Sitio web dos OP: Deberá fornecer as funcionalidades propias dun xestor de contidos (CMS) e dun sistema de participación e decisión (*participatory democracy, participatory budgeting*), ben a través de aplicacións web independentes ou ben e preferiblemente integradas. A solución proposta pode estar ou non aloxada en servidores municipais, pero deberá ser accesible a través do sitio web e o dominio municipal: santiagodecompostela.org. A solución ofertada debe permitir desenvolver todas ou a maior parte das seguintes funcionalidades:
 - a. Publicación de noticias e de información das propostas, incluíndo contidos multimedia, módulos de busca ou etiquetaxe, descarga de documentos, inclusión de *widgets* de redes sociais, así como outros servizos (por exemplo mapas aniñados, etc.)
 - b. Contacto: sección ou formulario de contacto.
 - c. Listas de correo: xestor de listas de distribución por email ou funcionalidade de notificación equivalente.

- d. Xestión da inscrición de participantes (combinando bases de datos preexistentes e novas altas en liña, creando fichas de usuario/a para cada participante) e de propostas (formularios de presentación e seccións de información e debate). O sistema debe incluír controis de verificación e seguranza.
- e. Votacións de propostas inherentes ao proceso de OP.
- f. Personalizar a imaxe gráfica oficial do Concello e dos OP ao que se refire máis adiante neste documento.

Valorarase especialmente como parte da solución a oferta de servizos e aplicacións móbiles (SMS e *apps* que corran de forma áxil e intuitiva en teléfonos intelixentes de gama baixa).

2. Ferramentas TIC a empregar presencialmente: Os procesos de participación presencial deberán servirse de aplicacións ou servizos informáticas que enriquezan e axilicen o desenvolvemento dos eventos, nas facetas tanto informativa como deliberativa ou decisoria. A adxudicataria ofertará a súa adopción, debendo especificar as súas características e funcionalidades, e o seu rol dentro do proceso.

D.4. Plano de Comunicación

A oferta técnica deberá incluír un Plano de Comunicación que contemple o papel que no proceso corresponde aos órganos e responsables, describindo as súas decisións e interaccións a través de fluxos de comunicación. este Plano abordará cando menos as dimensións seguintes:

1. Interna: Persoas designadas para o equipo técnico, dedicación ofertada, formas de relación e comunicación, calendario das reunións, frecuencia dos controis, e protocolos fronte a incidencias.
 - a. Coordinador/a xeral do proxecto. Terá un 100% de dedicación horaria ao proxecto de OP durante o período de duración do mesmo. Terá interlocución directa coa Oficina Orzamentaria e atenderá directamente as peticións que se lle deriven do resto de persoas implicadas no proxecto alleas á adxudicataria, tanto por parte do Concello como de terceiros involucrados no proceso de OP.
 - b. Responsable dos sistemas de información, interlocutora cos servizos informáticos municipais e co Padrón Municipal de Habitantes. Terá unha dedicación horaria do 33,3%. Desenvolverá tarefas de posta a disposición da solución web ofertada e da súa integración co sitio web municipal, así como do deseño e preparación das bases de datos e dos sistemas de información necesarios para dar soporte ao proceso de OP.
 - c. Responsable de comunicación. Terá unha dedicación horaria mínima do 66,7%. Desenvolverá especificamente tarefas de elaboración de contidos e de programación da publicación de informacións e noticias na plataforma web, nas

listas de distribución e nas redes sociais. En interlocución coas persoas responsables municipais de prensa, deberá coordinar a difusión e a publicidade que contrate o Concello, a programación de uso dos espazos municipais de publicidade (MUPIs, transporte público e outros) que o Concello pon a disposición da adxudicataria, e a distribución dos materiais publicitarios necesarios para difundir o proceso de OP. Despregará as accións de dinamización e as campañas previstas na oferta e tomará a iniciativa para multiplicar a difusión e coñecemento do proceso de OP entre a poboación.

- d. Responsable de loxística, interlocutora coas técnicas e técnicos de Relacións Veciñais, cos técnicos da Rede de Centros Socioculturais e co tecido asociativo. Terá unha dedicación horaria mínima do 33,3%. Desenvolverá tarefas de reserva e habilitación de espazos de reunión para as Asembleas, o Grupo Motor e a Comisión de Seguimento, así como da preparación dos materiais necesarios para o seu correcto desenvolvemento.
- e. Responsable dos aspectos técnicos orzamentarios. Terá unha dedicación horaria mínima do 33,3%. Desenvolverá tarefas de formación e información en materia orzamentaria, e dará soporte ás reunións técnicas necesarias para os procesos relativos á análise e validación das propostas.

A efectos do cómputo da dedicación horaria estarase ao recollido no convenio colectivo de oficinas e despachos da provincia da Coruña para os anos 2012 e 2014, que establece unha xornada semanal de 39 horas en inverno e de 35 en verán. A bolsa de horas poderá ser distribuída semanal e mensualmente conforme ás necesidades do contrato, sempre que as persoas implicadas non excedan a xornada laboral máxima. En calquera caso, débese axustar a carga laboral ás distintas necesidades horarias do proceso (horarios de tarde e sábados) e ás limitacións impostas pola dispoñibilidade de espazos de reunión, as festas locais e a celebración de eventos que poidan restar asistencia ás convocatorias presenciais. A substitución por vacacións ou outras causas dos membros do equipo técnico deberá estar supeditada ao correcto desempeño do contrato e ser autorizada previamente por parte do Concello.

2. Externa:

- a. Administración da plataforma web a nivel de contidos e de procesos.
- b. Deseño e realización de contidos e accións para a captación de persoas e colectivos participantes, incluíndo: chamadas telefónicas, envíos postais, listas de correo, etc.
- c. Desenvolvemento de propostas específicas dirixidas ao envolvimento no proceso de OP dos colectivos en risco de exclusión socioeconómica.

- d. Asesoramento nas accións de difusión e publicidade dirixidas ao público xeral, e elaboración de propostas e definición de *targets* para os espazos e as campañas que o Concello contrate en medios de comunicación e internet.

Correrán por conta e risco da adxudicataria todos os materiais de papelería, entregables, imaxe gráfica, envíos postais, telefonía, email e distribución que se elaboren para o proceso de OP. Fica excluído expresamente do obxecto do contrato a contratación directa de campañas de difusión ou de publicidade en medios de comunicación ou internet.

No que a ela atinxe, a adxudicataria comprométese a aplicar políticas de comunicación que garantan o uso non sexista e non androcéntrico da linguaxe, imaxes e contidos utilizados en todas as fases dos OP.

D.5. Calendario e cronograma base

A duración do contrato é de 5 meses, desde o 16 de maio até o 15 de outubro. O ciclo anual dos OP estará composto polas fases seguintes:

FASE A:

1. PREPARACIÓN DO PROCESO (desde o 16 de maio até o 31 de maio)
 - a. Definición técnica do modelo de OP. Documentación técnica e de seguimento do proxecto. Delimitación territorial e sectorial do proceso. Planos participativo e de comunicación. Designación de interlocutores. Información ás áreas municipais. Formación das persoas responsables.
 - b. Validación democrática do proceso. Articulación co Consello de Relacións Veciñais e demais órganos municipais de participación cidadá. Mapa de axentes sociais. Tipoloxía de entidades. Encontros cos colectivos. Mapa de espazos asemblearios. Constitución do Grupo Motor en sesión aberta. Aprobación do Regulamento de OP. Divulgación pública do proceso e dinamización da participación.
2. PROPOSTAS CIDADÁS (do 1 de xuño ao 3 de xullo)
 - a. Asembleas Participativas territoriais e sectoriais. Diagnóstico das necesidades dos distritos e da cidade (ata o 3 de xullo).
 - b. Publicación de informacións e recepción de preguntas en internet (web, correo electrónico, redes sociais) e recepción de propostas a través da web (desde o 13 de xuño).
3. ANÁLISE TÉCNICA DAS PROPOSTAS (13 de xuño a 26 de agosto)
 - a. Análise fundamentada das propostas presentadas por parte da Oficina Técnica e os servizos técnicos municipais correspondentes, e elaboración dos proxectos a someter a votación (13 de xuño a 12 de agosto)

- b. Período de reclamacións (15 a 19 de agosto)
- c. Decisión sobre as reclamacións (22 a 26 de agosto)

FASE B:

- 4. **SELECCIÓN DE PROPOSTAS (do 29 de agosto ao 30 de setembro)**
 - a. Publicación e divulgación na web das propostas elixibles
 - b. **Asembleas Participativas territoriais e de Cidade.** Votación dos proxectos nas asembleas e na plataforma web
- 5. **RESULTADOS E AVALIACIÓN DO PROCESO (do 3 ao 15 de outubro)**
 - a. Presentación pública dos resultados. Integración dos proxectos máis votados na proposta de Orzamento Municipal para o exercicio vindeiro. Traslado ao Pleno, se procede, das modificacións propostas para as ordenanzas fiscais (do 3 ao 7 de outubro)
 - b. Avaliación do proceso. Elaboración da Memoria do OP por parte da adxudicataria. Avaliación do proceso por parte do Comisión de Seguimento e do Grupo Motor (do 10 ao 15 de outubro)

Fíxase como data límite e improrrogable para a entrega ao Concello das propostas valoradas seleccionadas e xerarquizadas o 1 de outubro, a fin de que sexa posible elaborar, presentar e aprobar o Orzamento Municipal do ano vindeiro, e eventualmente tramitar as modificacións das Ordenanzas Fiscais, nos prazos normais legalmente estipulados.

O calendario ofertado pode presentar variacións sobre o de referencia aquí exposto, sempre que se xustifiquen razoadamente. En calquera caso o cronograma deberá especificar non só as fases senón as datas exactas de realización de reunións de traballo e de celebración dos distintos órganos de participación social, cos seus correspondentes prazos de convocatoria, sen prexuízo de que se realicen modificacións na versión final que se entregará aos 15 días de asinado o contrato.

E. ENTREGABLES

Ademais da documentación técnica preceptiva a incluír na oferta, que se detallará a continuación, como resultado da asistencia técnica a adxudicataria deberá fornecer ao Concello dos seguintes entregables:

- 1. **Ao inicio do proxecto:**
 - a. Delimitación territorial.
 - b. Documento de seguimento do proxecto.
 - c. Imaxe gráfica dos OP.
 - d. Plano de implementación dos sistemas de información.

2. Durante a execución do proxecto, ao remate de cada fase:
 - a. Informes parciais de estado do proceso de OP.
 - b. Documentos acreditativos da celebración das Asembleas Participativas.
3. Ao remate do proxecto:
 - a. Versión en documento PDF dos contidos da Plataforma web.
 - b. Versión en documento PDF da base de datos de propostas.
 - c. Versión en documento PDF dos resultados das votacións.
 - d. Memoria dos OP, incluíndo:
 - i. Relación de tarefas e calendario para cada persoa interveniente, tanto por parte da adjudicataria, como do Concello e dos representantes nos órganos de participación.
 - ii. DAFO do proceso.
 - iii. Propostas de mellora para futuras edicións.

Todos os documentos estarán redactados, cando menos, en idioma galego.

Nun prazo máximo de 15 días a contar desde a sinatura do contrato, a adjudicataria fará entrega ao Concello dos documentos referidos no punto 1, cuxas características e contidos detállanse a seguir.

E.1. Delimitación territorial

A delimitación territorial a aplicar no proceso de OPs tomará como base a actual división en sección censuais do Concello de Santiago de Compostela, construíndo por agregación a partir das mesmas barrios, en primeira instancia, e distritos, a continuación, sendo o nivel superior o municipio no seu conxunto.

A delimitación e a denominación dos barrios e parroquias establecerase en función da opinión cidadá, e estará formada normalmente a partir das características demográficas, socioeconómicas, históricas e físicas que os definen.

A delimitación dos distritos, en cambio, responde a unha finalidade organizativa e participativa, e por tanto debe ser compatible co establecido pola Lei 57/2003 'de grandes cidades' para a participación democrática da cidadanía e a organización política e administrativa da institución municipal. Por esta razón o número e extensión demográfica dos distritos deben gardar unha proporción co tamaño do concello e ser coherente coas magnitudes existentes noutras urbes. A estes efectos non deben confundirse estes distritos participativos cos distritos censuais. Aínda que os distritos participativos deban estar definidos por agregación de seccións censuais o seu resultado pode e probablemente deba ser distinto da delimitación censual, estatística ou electoral, oficial.

No Anexo A inclúese unha proposta de descrición territorial do concello de Santiago de Compostela baseada nestes principios. A adxudicataria poderá adoptar esta proposta ou modificala razoadamente, propoñendo no prazo de 15 días a contar desde a sinatura do contrato, as variacións que considere, xustificando os cambios nalgún ou varios dos criterios seguintes:

1. Identidade histórica e cidadán consolidada, consultando o parecer das entidades veciñais e procurando a continuidade xeracional no recoñecemento das referencias territoriais propostas.
2. Homoxeneidade interna e heteroxeneidade externa dos distintos barrios e distritos, dos puntos de vista urbanístico, demográfico e socioeconómico.
3. Previsión de estabilidade da delimitación proposta de cara ao futuro, considerando as previsións demográficas e o planeamento municipal.
4. Consideración da poboación de feito ou poboación flotante, en razón da condición de cidade universitaria e urbe de referencia da zona central do Eixo Atlántico galego.

Para a súa elaboración poderá solicitarse e utilizarse:

1. A información estatística existente no Padrón de Municipal de Habitantes e nos organismos oficiais de estatística (Trameiro, Rueiro, Censo).
2. A delimitación en distritos urbanísticos realizada no vixente PXOM do ano 2008 (apartado 3.5 da Memoria, páx. 257 e ss.) así como outras informacións xeorreferenciadas dispoñibles na área de Urbanismo.
3. A base de datos de axentes, colectivos, entidades e asociacións que figuran nos rexistros municipais.
4. A base de datos de centros socioculturais e demais espazos municipais susceptibles de acoller a celebración de asembleas cidadás, coas súas características e capacidades.
5. Os resultados da enquisa electrónica dirixida á cidadanía para a delimitación de barrios e distritos, realizada polo Concello a través do seu sitio web con anterioridade á sinatura do contrato obxecto desta asistencia técnica.

Dadas as características especiais da zona rural (múltiples núcleos, lugares e parroquias de pequena entidade demográfica que en conxunto suman entre o 15 e o 20% da poboación municipal) permítese modificar o esquema de participación proposto, a fin de garantir que nesta edición dos OP, así como nas seguintes, e dentro do ámbito territorial escollido para a realización de procesos presenciais, se garanta unha representación da poboación rural proporcional ao seu peso no total municipal. A estes efectos poderá contemplarse a realización parcial de procesos presenciais dentro do medio rural.

E.2. Documento de seguimento do proxecto

O documento incluirá:

- a) Un cronograma detallado que amplíe o calendario básico contido no presente documento.
- b) Unha lista de tarefas e de recursos humanos e materiais vinculados ao mesmo, tanto os achegados pola adxudicataria como polo Concello, na súa vertente tanto técnica como política, así como das demais persoas envolvidas no proceso de OP.
- c) Un organigrama do proxecto, con indicación das persoas que o integran, coa súa dedicación e responsabilidades, incluíndo as persoas alleas á adxudicataria.
- d) Un diagrama de Gantt imprimible en tamaño A3 con indicación das prelacións necesarias e das vinculacións entre tarefas e recursos que permitan a xestión anticipada, a revisión e a avaliación de todo o proceso.
- e) O calendario estará publicado en cada momento na plataforma web tanto en forma visual como de ficheiro en formato estándar iCal que permita ser subscrito por diferentes xestores de axenda.

Os documentos poderán ser editables e xestionables desde aplicacións informáticas libres ou gratuítas.

E.3. Imaxe gráfica dos OP

O adxudicataria procederá á adaptación, reinterpretación, mellora e ampliación da imaxe gráfica preexistente, resultante do proxecto piloto de OP da mocidade desenvolvido no Concello no exercicio 2015, cuxos contidos se atopan publicados na web municipal dentro da sección dedicada a ese proceso.

Como mínimo terán que contemplarse como mínimo as aplicacións seguintes:

- a) Pantalla: fondos de pantalla en todas as resolucións habituais (Extended Graphics Array e Quad Extended Graphics Array).
- b) Internet: banners estáticos e animados nos formatos de publicidade online máis frecuentes.
- c) Cartelaría: debe contemplar polo menos 3 tamaños: A3, A2 e tamaño 170cm x 120cm (MUPIs publicitarios).
- d) Plóter: dun tamaño aproximado de 2 m².
- e) Outros elementos publicitarios, de propaganda, difusión ou sinalización de uso habitual en eventos.

A proposta deberá ser consensuada coas persoas responsables de prensa e do sitio web municipal. O produto final entregarase en formato dixital, con versións de arquivo gráfico e vectorial, ademais dos soportes físicos demostrativos necesarios.

E.4. Plano de implementación dos sistemas de información

O plano recollerá os seguintes aspectos:


- a) Designación dunha persoa interlocutora co servizo municipal de Informática.
- b) Resolución de cuestións relativas á integración e/ou vinculación da plataforma telemática na/á web municipal. Aspectos de instalación, configuración e introdución de contidos necesarios para a utilización en aberto do sitio web dos OP, con todas as súas partes integrantes 100% operativas. Determinación e asignación das contas de correo municipais necesarias para xestionar o proceso, solicitando aos servizos informáticos a súa creación. Preparación do Censo dos OPs en colaboración co Padrón Municipal de Habitantes e integración do mesmo na plataforma web. Cumprimento da lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.
- c) En xeral a previsión de todas aquelas cuestións vinculadas coa informática necesarias para a consecución dos obxectivos previstos nesta asistencia técnica.

F. CONFIDENCIALIDADE E TRATAMENTO DE DATOS


As persoas que interveñan na execución do contrato que teñan acceso aos datos de carácter persoal que obren no Concello estarán obrigados a manter secreto a respecto dos mesmos, e a utilización de ditos datos efectuarase con estrita observancia do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal; e no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei.

A adxudicataria deberá comunicar o establecido no apartado anterior a todo o persoal que interveña na execución do contrato, e responderá de todos os danos e prexuízos que sexan consecuencia do incumprimento de calquera das obrigas establecidas, por si mesma ou por parte do persoal que acceda á información en virtude da relación coa adxudicataria.


O técnico da oficina de orzamentos,



Jesús Noya Liste



CONFORME
do Concelleiro delegado substituto de Economía e Facenda,
(decreto de Alcaldía de 31/03/2016)



Xan Duro Fernández

ANEXO A

PROPOSTA DE DELIMITACIÓN TERRITORIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA AOS EFECTOS DO PROCESO DE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS PARA O ANO 2017


1. Número de distritos

Considerando o número de distritos de participación cidadá que existe nos concellos máis poboados do Estado, a Santiago de Compostela correspóndelle un número de entre 5 e 7 distritos, cun tamaño medio non substancialmente diferente de 15.000 habitantes.

Táboa nº 1: Habitantes, distritos e barrios nos concellos máis populosos

	Poboación	Distritos	Hab./Distrito	Barrios-Zonas	Hab./Barrio-Zona
<i>Madrid</i>	3,142,000	21	149,619	128	24,547
<i>Barcelona</i>	1,604,500	10	160,450	73	21,979
<i>Valencia</i>	786,200	19	41,379	83	9,472
<i>Sevilla</i>	693,900	11	63,082	108	6,425
<i>Zaragoza</i>	665,000	15	44,333		
<i>Málaga</i>	569,100	11	51,736		
<i>Murcia</i>	439,900	8	54,988	81	5,431
<i>Bilbao</i>	345,100	8	43,138	46	7,502
<i>Alacant/Alicante</i>	328,600	5	65,720	42	7,824
<i>Córdoba</i>	327,400	10	32,740		
<i>Las Palmas de Gran Canaria</i>	308,000	5	61,600		
<i>Gijon</i>	274,300	6	45,717	24	11,429
<i>L'Hospitalet</i>	252,200	6	42,033	13	19,400
<i>Coruña, A</i>	243,900	2	121,950	36	6,775
<i>Vitoria-Gasteiz</i>	243,900	7	34,843	28	8,711
<i>Granada</i>	235,800	8	29,475	32	7,369
<i>Ovieu/Oviedo</i>	221,900	6	36,983	11	20,173
<i>Jerez de la Frontera</i>	212,900	7	30,414		
<i>Sabadell</i>	207,800	7	29,686	19	10,937
<i>Donostia/San Sebastián</i>	186,100	4	46,525	17	10,947
<i>Burgos</i>	177,100	4	44,275		
<i>Logroño</i>	151,300	5	30,260		
<i>Badajoz</i>	149,900	6	24,983	31	4,835
<i>Marbella</i>	139,500	9	15,500		
<i>Telde</i>	102,100	6	17,017		
<i>Lorca</i>	91,700	6	15,283	12	7,642
<i>Chiclana</i>	82,800	7	11,829		
<i>Ciudad Real</i>	74,400	5	14,880	16	4,650
<i>Plasencia</i>	40,800	5	8,160		

Gráfico nº 1: Poboación media dos distritos en función da poboación total



A mesma análise comparativa para os barrios presenta maior variabilidade, o que é consecuencia da natureza histórica e social da súa delimitación, que está fortemente condicionada polo sentir cidadán.


De se rexer Santiago de Compostela polos parámetros numéricos do resto de cidades do Estado ao seu tamaño poboacional municipal corresponderíalle un tamaño medio dos barrios de aproximadamente 7.000 habitantes, aínda que no resto de casos, excluídas Madrid e Barcelona, atopamos tamaños medios que van desde os 4.000 aos 21.000 habitantes. En Compostela eses 7.000 habitantes por barrio suporían un total de 14 barrios.

2. Número de barrios

Unha primeira achega aos listados de barrios que se poden configurar na capital de Galicia apuntan a un número de barrios substancialmente superior a esa cifra, recolléndose nalgúns documentos e relacións até 40 barrios ou denominacións de barrios diferentes. Isto débese á especial configuración espacial da cidade e ao seu carácter e evolución históricas, polo cal é máis que

probable que a poboación media por barrio en Compostela sexa unha cifra notoriamente menor aos 7.000 referidos.

Gráfico nº 2: Poboación media dos barrios en función da poboación total



A seguinte agrupación de exemplo toma como referencia 37 barrios cun tamaño medio resultante de 2.600 habitantes. Os barrios agregáronse a partir do seccionado censal da cidade vixente, aprobado polo Instituto Nacional de Estatística e Oficina do Censo Electoral a partir dos datos de xestión anual subministrados polo Concello.

O seccionado presenta unha serie de condicionantes que se refiren na Resolución conxunta da Presidencia do INE e do Director Xeral de Cooperación Territorial, pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión e revisión do Padrón Municipal, publicada no BOE nº 11.449 do 11 de abril de 1997, páxina 87 e seguintes.

Todas as modificacións que sexan incorporables na proposta de delimitación territorial definitiva para o proceso de Orzamentos Participativas, composta a partir das seccións actuais, así como aquelas que requiran dunha modificación do seccionado, serán tidas en conta polo Concello para

proceder ás próximas revisións do mesmo, a fin de adaptar a división estatística aos criterios funcionais, operativos, organizativos e de participación cidadá que se establezan.


Táboa nº 2: Proposta inicial de barrios e distritos e a súa evolución demográfica

	Hab. 2003	Hab. 2007	Hab. 2011	Hab. 2015
Cidade Histórica	12967	12984	12117	11695
Sarela (Galeras, Carne, Bar, S. Lourenzo)	2136	2179	2204	2289
San Pedro	1931	1959	1869	1789
Cidade Vella	5568	5538	5262	4972
Basquiños	3332	3308	2782	2645
Ensanche	16514	17342	16318	15236
Ensanche	16514	17342	16318	15236
Norte	9097	9378	9874	9722
Vite	4571	4511	3838	3498
Vista Alegre + Avio, O	2681	2675	2955	2911
Salgueiriños			1093	1248
Meixonfrío	1845	2192	1988	2065
Zona Rural	18117	18315	17803	17621
Villestro	1610	1617	1679	1888
Verdía + Nemenzo + Busto	828	793	780	736
San Paio + Figueiras	1370	1440	1445	1404
San Caetano (Gracia, A)	1027	1060	1106	1132
Sabugueira (Lavacolla)	1096	1083	1020	976
Romaño, O + Peregrina, A	2090	2178	2121	2091
Rocha, A	1159	1124	1061	962
Marrozos	1066	1068	1093	1073
Marantes + Barciela, A + Cesar	973	933	927	852
Laraño	1492	1634	1294	1316
Grixoa + Fecha	838	804	744	708
Eixo, O	1022	1050	1057	1020
Carballal, O + Enfesta	1049	1015	939	913
Bando	1460	1312	1241	1197
Aríns	1037	1204	1296	1353
Norleste	19571	19424	20190	20180
Viso, O	641	578	635	672
San Lázaro	1225	1319	1629	1827
Fontiñas, As	9500	9504	9641	9569
Cancelas, As	1074	1036	1984	1964
Avenida de Lugo	6384	6198	5502	5393
Amio	747	789	799	755
Sudoeste	6174	7467	9599	10436
Vidán	680	647	1030	961
Conxo	4624	5620	7104	6650
Choupana + Santa Marta	870	1200	1465	2825

PREGO DE PRESCICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A POSTA EN MARCHA DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS PARA O ANO 2017 – ANEXO A

	Hab. 2003	Hab. 2007	Hab. 2011	Hab. 2015
Surleste	8455	8802	9306	10722
Sar	2819	2813	2813	2911
Restollal	1161	1110	1070	1397
Pontepedriña	1379	1665	1992	2128
Castiñeiriño, O (+Lamas de Abade)	3096	3214	3431	4286
Total xeral	90895	93712	95207	95612

Gráfico nº 3: Poboación dos barrios e distritos agregados a partir das seccións censuais



3. Relación de distritos

Na táboa seguinte se refiren as seccións censuais existentes no ano 2015, co seu código oficial (INE) e unha proposta de denominación que, no caso dos barrios, procura coincidir coa denominación popular máis estendida.

É posible consultar a delimitación xeográfica de cada sección a través do servidor WMS do INE na URL http://servicios.internet.ine.es/WMS/WMS_INE_SECCIONES_G01/MapServer/WMServer?

Sección	Barrio	Distrito
1507801001	Cidade Vella	Cidade Histórica
1507801002	Sarela (Galeras, Carme, Bar, S. Lourenzo)	Cidade Histórica
1507801003	Vista Alegre + Avio, O	Norte
1507801004	Sarela (Galeras, Carme, Bar, S. Lourenzo)	Cidade Histórica
1507801005	San Paio + Figueiras	Zona Rural
1507801006	Laraño	Zona Rural
1507801007	Villestro	Zona Rural
1507802001	Cidade Vella	Cidade Histórica
1507802002	Cidade Vella	Cidade Histórica
1507802003	Basquiños	Cidade Histórica
1507802004	Basquiños	Cidade Histórica
1507802005	Vite	Norte
1507802006	Romaño, O + Peregrina, A	Zona Rural
1507802007	Meixonfrío	Norte
1507802008	Vista Alegre + Avio, O	Norte
1507802009	Vite	Norte
1507802010	Vite	Norte
1507802011	Vite	Norte
1507802012	San Caetano (Gracia, A)	Zona Rural
1507802013	Salgueiriños	Norte
1507803001	San Pedro	Cidade Histórica
1507803002	Avenida de Lugo	Norleste
1507803003	Basquiños	Cidade Histórica
1507803004	Avenida de Lugo	Norleste
1507803005	San Lázaro	Norleste
1507803006	Amio	Norleste
1507803007	Bando	Zona Rural
1507803008	Aríns	Zona Rural
1507803009	Cancelas, As	Norleste
1507804001	Cidade Vella	Cidade Histórica
1507804002	San Pedro	Cidade Histórica
1507804003	Ensanche	Ensanche
1507804004	Sar	Surleste
1507804005	Avenida de Lugo	Norleste

Sección	Barrio	Distrito
1507804006	Avenida de Lugo	Norleste
1507804007	Pontepedriña	Surleste
1507804008	Restollal	Surleste
1507804009	Sar	Surleste
1507804010	Marrozos	Zona Rural
1507804011	Eixo, O	Zona Rural
1507804012	Castiñeiríño, O (+Lamas de Abade)	Surleste
1507804013	Viso, O	Norleste
1507804014	Fontiñas, As	Norleste
1507804015	Fontiñas, As	Norleste
1507804016	Fontiñas, As	Norleste
1507804017	Fontiñas, As	Norleste
1507804018	Fontiñas, As	Norleste
1507804019	Fontiñas, As	Norleste
1507805001	Cidade Vella	Cidade Histórica
1507805002	Ensanche	Ensanche
1507805003	Ensanche	Ensanche
1507805004	Ensanche	Ensanche
1507805005	Ensanche	Ensanche
1507805006	Ensanche	Ensanche
1507805007	Ensanche	Ensanche
1507805008	Ensanche	Ensanche
1507805010	Ensanche	Ensanche
1507805011	Ensanche	Ensanche
1507805012	Conxo	Sudoeste
1507805013	Choupana + Santa Marta	Sudoeste
1507805014	Conxo	Sudoeste
1507805015	Conxo	Sudoeste
1507805016	Conxo	Sudoeste
1507805017	Rocha, A	Zona Rural
1507805018	Ensanche	Ensanche
1507805019	Ensanche	Ensanche
1507805020	Castiñeiríño, O (+Lamas de Abade)	Surleste
1507805021	Vidán	Sudoeste
1507805022	Ensanche	Ensanche
1507805023	Choupana + Santa Marta	Sudoeste
1507806001	Carballal, O + Enfesta	Zona Rural
1507806002	Marantes + Barciela, A + Cesar	Zona Rural
1507806003	Verdía + Nemenzo + Busto	Zona Rural
1507806004	Grixoa + Fecha	Zona Rural
1507806005	Sabugueira (Lavacolla)	Zona Rural